


CREACIÓN DO DOCUMENTO BASE PARA A PUBLICACIÓN/MATERIAL (parte 2)

CREAR MARCOS PARA O TEXTO E OS VÍDEOS

Polo de agora xa sabemos decidir e designar o formato para o noso futuro material e sabemos como crear, axustar e definir unha fotografía como fondo.


O seguinte paso é a introdución do texto e imaxes. Para ambos casos temos que realizalo do mesmo xeito: creando un MARCO. Nun caso será un marco destinado a escribir dentro del e no outro tan só deixaremos o marco en branco como guía para inserir o vídeo desde a ferramenta axeitada unha vez que esteamos editando o material ou publicación en Calamèo.

Crear un MARCO en Writer é moi doado e ofrece moitas posibilidades. Para crealo tan só temos que premer en INSERIR na barra superior e seleccionar a opción MARCO.




Unha vez realizado este paso accedemos ao menú dedicado aos marcos. Como observaredes dispón de moitas opcións distribuídas en pestanas diferentes. Nos imos traballar só con dúas delas xa que non imos ter texto na páxina fora destes marcos.

A primeira delas será a pestana que controla os bordos e as sombras decorativas do propio marco. É cuestión de gustos empregalos ou non. Neste caso propoño como exemplo unha configuración onde eliminamos os bordos e demais liñas que demarcan o noso marco pero engadimos unha pequena sombra decorativa. Podedes detervos neste punto un anaco de experimentar con diferentes configuracións.



A seguinte pestana ca que imos traballar é a referida ao fondo do propio marco. Decatarédesvos de que é case igual a xanela ca que definiamos o fondo de toda a páxina. Ca excepción de que aquí déixanos traballar sobre a transparencia sen ter que empregar Gimp.


Neste caso optamos por unha cor suave pero rechamante ao que lle aplicamos bastante transparencia.



Unha vez creado o marco ao noso gusto tan só temos que premer enriba del para que se active e poder escribir dentro, onde todas as funcións de Writer traballaran do mesmo xeito que se escribimos nunha páxina sen marcos.

Para volver a acceder a xanela de configuración do marco tan só temos que facer dobre clic na beira do marco e abrirase de novo.


Na vindeira imaxe podes observar o resultado final da creación do marco.



Neste momento só restan dúas cousas, ambas de grande importancia: como movemos o marco e cambiamos seu tamaño? como aplicamos unhas marxes ao texto que inserimos?

Imos ca primeira delas. Para modificar o tamaño temos que facer un leve clic na beira do marco ata que aparezan uns limitadores en cada unha das súas esquinas e no centro. Premendo co rato neses pequenos cadrados verdes e desprazándoos modificaremos as dimensións e proporcións do noso marco.


No caso de que o que queiramos facer sexa ampliálo e reduci-lo sen perder as proporcións actuais tan so teremos que a vez que movemos un dos cadradiños verdes das esquinas premer no noso teclado a tecla SHIFT, a que empregamos para escribir en maiúsculas.



Debemos sinalar tamén que o tamaño do marco irá en aumento a medida que introduzamos texto.

Para mover e situar libremente o marco por todo o espazo da páxina tan só temos que pousar o rato enriba del e o punteiro do rato converterase nunha man que indica que premendo o botón esquerdo do rato e sen soltalo podemos colocar o marco onde precisemos.



É finalmente: como establecemos unhas marxes para o texto? Por defecto ao escribir nun marco facémolo sen marxes pero case que con toda seguridade imos desexar establecelas xa que son necesarias para unha correcta lectura. Tan só temos que premer e desprazar nos reguladores de marxe ou sangría que atoparedes na regra superior da páxina. Na vindeira imaxes amosámosvos o xeito de facelo



Ao principio deste punto falabamos de que seguindo este método tamén iamos establecer os marcos de referencia para incrustar os vídeos en Calamèu.

Tan só tedes que crear un marco con fondo branco (de menor tamaño ao que vai ter o vídeo unha vez incrustado) para que nos sirva de referencia cando esteamos elaborando o documento final.


É conveniente escribir dentro do marco o vídeo que debemos incrustar xa que nunha publicación dun tamaño considerable podemos ter moitos deles.



INSERIR IMAXES

O derradeiro paso que nos queda por coñecer a hora de crear a base en PDF é inserir imaxes. Este proceso posiblemente é coñecido por todos pero imos repasalo brevemente.

Tan só temos que premer de novo en INSERIR, pero esta vez desprazámonos ata IMAXE e posteriormente escollemos “DESDE FICHEIRO” e así accedemos a ferramenta de procura no noso ordenador. Unha vez seleccionada a imaxe e premendo en ACEPTAR a imaxe aparecerá dentro do noso documento.



Unha vez que a imaxe se atopa na páxina traballaremos con ela do mesmo xeito que faciamos cos marcos cando queremos modificar o seu tamaño, movelo pola páxina, engadirlle un bordo, etc.

Unha vez realizados todos estes procesos tan só temos que gardar o noso traballo como ODT (formato por defecto de Writer) ou como PDF para poder subilo a Calaméo e traballar con el.

Na vindeira imaxe podes observar unha páxina moi sinxela creada exclusivamente en Writer cos pasos aquí propostos.

